

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PRESENTAR O MAPA DE NECESIDADES ESCOLARES E A APROBACIÓN DUN PLANO PLURIANUAL DE ACTUACIÓNS NOS CENTROS ESCOLARES DE INFANTIL E PRIMARIA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O grupo municipal de Compostela Aberta vén de rematar unha ronda de reunións coas ANPAs dos 13 CEIPS de Santiago co obxectivo de mapear e analizar as necesidades dos centros, neste inicio de curso escolar tan atípico. Esas xuntanzas permitiron realizar unha auditoría das necesidades escolares e recoller as demandas das Asociacións de Nais e Pais, que teñen unha especial relevancia no contexto da crise da COVID no que nos atopamos. Nesta situación, o investimento nos centros educativos e na mellora da calidade das instalacións debe ser un dos eixos dos orzamentos dos próximos anos.

Algunhas das problemáticas trasladadas polas ANPAs nas xuntanzas co grupo municipal de Compostela Aberta non teñen un custo importante nin unha tramitación administrativa complexa. Outras poderían ser atendidas dentro do contrato de mantemento do departamento de Educación ou nun plano de obras plurianual a desenvolver polo Concello, seguindo o modelo que utilizou o goberno de CA no pasado mandato para abordar a remodelación da maior parte dos parques infantís dos centros educativos, reservando en cada anualidade unha partida para executar actuacións en tres ou catro parques. E outra parte das cuestións demandas son competencia da Consellería de Educación, e polo tanto o Goberno local debería instar á Xunta de Galicia a atendela.

Nesta ronda de contactos, as ANPAs mostraron a súa preocupación por cuestións xa debatidas nos Plenos pasados e trasladadas pola FANPA en relación ao inicio deste curso, como os problemas de conciliación derivados da falta de actividades extraescolares e a xestión dos comedores escolares do Concello. Tal e como relatan, segue habendo cuestións pendentes de solucionar, como é a situación dos usuarios e usuarias do comedor que non o utilizan de forma continuada. En relación a este servizo, a ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa trasladou a situación específica do seu centro, no que o comedor, con case 200 crianzas usuarias, é xestionado pola Consellería de Educación. Como é sabido, a Xunta non o está dotando de monitorado para o funcionamento do

comedor, mais o Goberno local está a ter unha actuación pasiva, como se o feito de non xestionar o comedor desde o Concello significara que non é un problema dun colexio de Santiago.

En canto ao mantemento e pequenas obras son moitas as demandas das ANPAS, que coinciden en que semella que o nivel de actuacións neste verán foi menor que en anos anteriores. As necesidades neste eido son variadas: cambios de xanelas ou de portas, necesidades de pintado, mudanzas do pavimento que esvara, incremento da potencia eléctrica, reforma de baños... Tamén é necesario rematar co proxecto de remodelación de parques infantís dos centros educativos iniciado por Compostela Aberta, e renovar os elementos de xogos dos poucos CEIPS pendentes. Para iso, cómpre recuperar a dinámica de realización destas pequenas actuacións aproveitando os meses estivais, igual que nos mandatos anteriores. O Goberno tamén debe planificar con tempo outros investimentos de maior calado como a remodelación de pavillóns deportivos, a construción de cubertas nos patios, o acondicionamento de espazos polivalentes, etc. Urxe elaborar un **Plan plurianual de actuacións nos CEIPs de Santiago**, para o que o grupo municipal de Compostela Aberta achega, en documento anexo, as demandas recollidas a partir dos encontros coas ANPAS

Nestas reunións, as ANPAS tamén mostraron valoracións comúns e transversais, relacionadas con cuestións como a deficiencia do mantemento das zonas verdes e a limpeza das instalacións educativas. Todos os anos, antes do inicio do curso escolar, víñase realizando a limpeza das zonas verdes exteriores e de entrada dos centros. Este ano, cando xa transcorreu un mes do comezo do curso, nalgúns centros aínda non se tiña acometido esta limpeza. É o caso do CEIP de Roxos, do CEIP Raiña Fabiola, ou do CEIP Arquitecto Casas Novoa, onde as paredes exteriores e o chan en patios e beirarrúas están esvaradizos pola acumulación de musgo e suciedade. O mesmo acontece no parque do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei e na entrada do pavillón do CEIP Quiroga Palacios. No caso da limpeza das instalacións, malia que nalgúns centros houbo incremento neste curso escolar, o contrato era moi insuficiente en moitos centros, e a limpeza precisa dun maior reforzo, tal e como expresaron as ANPAS do CEIP Arquitecto Casas Novoa, o CEIP Ramón Cabanillas, o CEIP Quiroga Palacios, ou o CEIP Vite.

Outra preocupación común na práctica totalidade das ANPAS téñen que ver coa seguridade viaria na contorna dos centros, sobre todo nas horas de entrada e saída. Existe unha ampla demanda de continuar a expandir programas que medraron no anterior mandato como o Colecamiños, como téñen solicitado a ANPA do Apóstolo Santiago; de ampliar a presenza da Policía Local para ordenar o tránsito nas horas punta en máis zonas da cidade e non só no centro; e de adecuar espazos para a realización de xiros dos autobuses escolares ou facilitar a convivencia entre tránsito rodado e peonil.

Outra das demandas da maioría das ANPAS é a do acondicionamento de máis espazos para usos múltiples nos centros e na súa contorna. Neste sentido, a ANPA das Fontiñas estaría interesada en utilizar a Ludoteca María Miramontes, que incomprensiblemente está pechada; o CEIP do Apóstolo Santiago, o local da Caramoniña; e o CEIP Raiña Fabiola demanda o futuro uso da Casa das Máquinas. Toman unha especial relevancia nestes tempos demandas como os patios cubertos para que os nenos e nenas poidan estar máis tempo en espazos exteriores. A pesar de que o alcalde

manifestou publicamente que entre as prioridades do Goberno municipal non está cubrir parques infantís, aínda contando con dispoñibilidade orzamentaria, a comunidade educativa considera de forma xeralizada que existe unha necesidade e alta demanda de cubrir espazos exteriores nos seus centros, ben para espazos de lecer ou para trancorrer dun espazo do centro a outro. Esta demanda, como se reflicta no anexo a esta moción, foi reclamada polas ANPAS dos CEIPS do Raiña Fabiola, do Arquitecto Casas Novoa, do Monte dos Postes, do Pío XII, do CEIP de Roxos, do CEIP de López Ferreiro, do CEIP Ramón Cabanillas.


Así mesmo, varias ANPAS coinciden coa demanda realizada por Compostela Aberta o pasado 30 de setembro, solicitándolle ao Goberno local o financiamento de máscaras e de material de protección para o alumnado, e o monitorado de comedores escolares xestionados polas ANPAS. Son varias as ANPAS que asumiron ese custo a custos de aforros acumulados.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Aprobado un plan plurianual de actuacións nos centros escolares de Santiago, onde se recollan, por fases, as demandas das ANPAS de Compostela.
2. Convocar o Consello Escolar, para establecer un diálogo estable coa comunidade escolar, coas diferentes ANPAS e equipos directivos dos centros para establecer as prioridades.
3. Finalizar, no verán do ano 2021, o plan iniciado no mandato anterior de remodelación dos parques infantís dos centros educativos.
4. Incrementar o orzamento do ano 2021 e futuros destinado ao mantemento e conservación dos centros de Ensino.
5. Instar á Consellería de Educación a que acometa as obras demandadas dende fai anos, e nalgúns casos tamén comprometidas, por diferentes CEIPs do Concello de Santiago.
6. Instar á Consellería de Educación a que á maior brevidade poña en funcionamento o comedor do CEIP Arquitecto Casas Novoa.

Santiago de Compostela, 21 de Outubro


María Rozas Pérez

Concelleira de Santiago de Compostela  **GRUPO MUNICIPAL**

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



ANEXO: ACTUACIÓNS PROPOSTAS POLAS ANPAs PARA ACOMETER NOS CEIPS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEMANDAS DOS CONTRATOS DE SERVIZOS QUE PRESTA O CONCELLO AOS CEIPS.

- Contrato de limpeza das instalacións dos centros.

Varias ANPAS trasladaron que as horas adicadas a limpeza ou o persoal do servizo é insuficiente. A pesar de que nalgúns centros houbo incremento neste curso escolar, o contrato era moi deficiente en moitos centros, e a limpeza precisa dun reforzo maior. É o caso dos CEIP Arquitecto Casas Novoa, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Quiroga Palacios, CEIP Vite, entre outros.

No caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa solicitan tamén que se preste servizo de limpeza nas salas do servizo de madrugadores e dous andares superiores do edificio que están en uso.

- Contrato de Parques e Xardíns

Todos os anos, antes do inicio do curso escolar, realízase a limpeza das zonas verdes exteriores e de entrada dos centros. Este ano, transcorrido un mes do curso escolar nalgúns centros aínda non se acometeu esta limpeza. Por exemplo, no CEIP de Roxos ou no CEIP Raiña Fabiola.

No CEIP Arquitecto Casas Novoa as paredes exteriores e o chan en patios e beirarrúas están esvaradizos pola acumulación de musgo e suciedade, o mesmo acontece no parque do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei e na entrada do pavillón do CEIP Quiroga Palacios.

- Contrato de Limpeza Viaria

Preto das instalacións do CEIP Quiroga palacios, nunhas casas abandonadas, atopanse xiringas de forma habitual.

UTILIZACIÓN POR PARTE DOS CENTROS DE ENSINO DE ESPAZOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL PRÓXIMOS ÁS INSTALACIÓNS EDUCATIVAS

Moitos dos CEIPS do Concello de Santiago teñen problemas de espazos reducidos, que collen maior relevancia coa necesidade actual de manter a distancia de seguridade e os grupos burbulla. Son tamén varios os centros que teñen instalacións municipais, en desuso, preto das

instalacións educativas e trasladan a demanda de poder utilizalas. Así, o CEIP das Fontiñas pide utilizar a Ludoteca María Miramontes; o CEIP do Apostolo Santiago, o local da Caramoniña, e o CEIP Raiña Fabiola, a Casa das Máquinas.

OBRAS DIVERSAS E ACTUACIÓNS MENORES E DE MANTEMENTO NOS CENTROS DE ENSINO.

- Cambio das xanelas do CEIP de Vite.
- Acondicionar a zona de cambiador para crianzas con necesidades especiais no CEIP de Vite.
- Arranxo do tellado no CEIP de Vite.
- Habilitar unha rampa de acceso á pista traseira para facela accesible para as crianzas con mobilidade reducida no CEIP de Vite.
- Acondicionamento do pavillón que coa chuvia queda anegado e resulta inutilizable no CEIP de Lamas de Abade.
- Peche das pistas que se usan para os recreos e educación física no CEIP López Ferreiro.
- Acondicionamento do patio na zona de acceso ao comedor escolar, reparando o pavimento, que presenta moitas fochancas, reparación e limpeza tamén da canaleta, no CEIP López Ferreiro.
- Novo firme para o patio traseiro de educación primaria, no CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Arranxo da cerca exterior no CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Mudar areeiro por outro tipo de pavimento, debido as colonias de gatos é inutilizable na actualidade, no CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Arranxo do desnivel da zona de entrada do edificio que acumula auga, impedindo en días de moita chuvia a entrada no local de madrugadores por estar anegado, no Ceip Arquitecto Casas Novoa
- Reforma das tubaxes, a auga que se usa para beber o alumnado no comedor está mesturada con óxido, no Ceip Arquitecto Casas Novoa
- Obras de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, na instalación usada para madrugadores, no Ceip Arquitecto Casas Novoa
- Incremento de potencia eléctrica das salas e puntos de conexión, na instalación utilizada para o servizo de madrugadores e actividades extraescolares do Ceip Arquitecto Casas Novoa
- Pintado de paredes, teitos e carpintería interior das xanelas no espazo do servizo de madrugadores e actividades extraescolares do CEIP Arquitecto Casas Novoa

- Substitución de dúas portas e molduras na sala do servizo de madrugadores, no CEIP Arquitecto Casas Novoa
- Instalación de tarima e rodapé na sala do servizo de madrugadores, no CEIP Arquitecto Casas Novoa
- Arranxar a fixación dos radiadores das salas onde se desenvolve o servizo de madrugadores e actividades extraescolares do CEIP Arquitecto Casas Novoa
- Ampliar potencia de electricidade, porque salta o automático varias veces durante a xornada lectiva, do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei,
- Obras de acondicionamento na entrada do centro para facela accesible para persoas con mobilidade reducida e e tamén evitar que se provoquen anegamentos, do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei
- Obras no pavillón que ten pingueiras, compromiso adquirido pola anterior concelleira, Noa Díaz, co centro e a ANPA. Este pavillón non só dá servizo ao centro senon tamén a actividades doutros centros e acolle partidos de baloncesto da FEDESA, do CEIP Pío XII.
- Obras para unir as dúas partes do edificio, que se manteñen coa separación anterior cando nesa localización estaba a Escola Municipal de Música, no CEIP Apostolo Santiago.
- Redactar proxecto de obra para reforma do pavillón e patio cuberto, no CEIP das Fontiñas.
- Acondicionar o actual almacén (edificio anexo a infantil), CEIP de Roxos.
- Obra de mellora do asfalto do patio trasero , CEIP de Roxos.
- Reforma do actual patio cuberto, necesidade de pintado, de renovación do chan, que os días de chuvia é esvaradizo. Necesidade tamén de instalación de elementos protectores na zona corredeira da porta para evitar atrapamentos ao abrir e pechar a porta, no Ceip Arquitecto Casas Novoa.
- Sustitución de luminarias por iluminación led con menos consumo e maior calidade de luz, incrementar os puntos de luz necesarios para mellorar a visibilidade, actualmente deficiente e substitución da uralita de fibra traslúcida do lateral para que permita mellor iluminación, no CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Instalación de viseira ou outro tipo de peche no pavillón cara a zona das Brañas, CEIP do Ramón Cabanillas.
- Cesión de parcela verde de propiedade municipal, comprometida xa polo goberno, o que permitiría instalar nesa localización o invernadoiro e gañar espazo no patio para as crianzas, do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.

AMPLIACIÓN E REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NOS CENTROS

- Arranxo dos elementos de xogo e valado no CEIP Arquitecto Casas Novoa
- Ampliación do parque infantil, no CEIP Pío XII.
- Acondicionamento do parque infantil, que ten elementos rotos, no CEIP de Roxos.
- Ampliación do parque infantil cun terreo que é municipal, podendo servir tamén para o uso da veciñanza da urbanización colindante, no CEIP de Roxos.
- Retirada de forma temporal dos columpios do parque infantil que non se poden usar pola situación da COVID e así gañárase máis espazo, CEIP de Roxos.

CONSTRUCCIÓN DE NOVOS ASEOS OU REFORMAS NOS ACTUAIS

- Renovación dos aseos actuais en condicións obsoletas no CEIP Arquitecto Casas Novoa, CEIP Monte dos Postes e CEIP de Roxos.
- Demanda de novos aseos nos CEIPs López Ferreiro, CEIP Quiroga Palacios, CEIP Apostolo Santiago (segundo baño para a zona do comedor escolar), CEIP de Lamas de Abade.

OBRAS DE PATIOS CUBERTOS

- Instalación de patio cuberto, no CEIP de Roxos.
- Instalación de pérgola ou cuberta retráctil no patio de acceso ao comedor escolar, no CEIP López Ferreiro.
- Cubrir unha zona do patio infantil, preto do depósito de gas, para ter unha zona de sombra, no CEIP Arquitecto Casas Novoa
- Cubrir parte do patio do colexio que se atravesa para ir o comedor no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
- Instalación dunha estrutura, non permanente, para cubrir o espazo do patio de forma que as crianzas teñan espazo no centro para os recreos nos días de chuvia (na actualidade teñen que estar nos corredores), no CEIP do Raíña Fabiola.
- Facer un poche cuberto na entrada do colexio de Poza de Bar, CEIP Pío XII.
- Pasarela cuberta do na entrada do centro, CEIP do Monte dos Postes
- Patio Cuberto para infantil, comprometido pola Consellería o ano pasado, CEIP Monte dos Postes.
- Obras para o patio cuberto, CEIP Ramón Cabanillas.

- Pasarela cuberta nun lateral do patio ata o pavillón, CEIP Quiroga Palacios.
- Instalación de cuberta dende o portal ata a entrada do edificio e o parque cuberto, CEIP Arquitecto Casas Novoa.

OBRAS MAIORES EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO.

- Recepción e apertura para uso escolar e veciñal do Pavillón deportivo multiusos, obra impulsada por Compostela Aberta e incluída no Plan de financiamento da Deputación da Coruña, no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
- Construción de polideportivo para realizar actividades deportivas cando chove, no CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Reforma integral de parte das instalacións, CEIP Apostolo Santiago.
- Renovación integral, fachada e cuberta, no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
- Reforma dos espazos comúns, como patio, biblioteca, etc, que se quedan pequenos e vellos, no CEIP de Roxos.
- Instar á Consellería de Educación para que por fin se aprobe a ampliación do CEIP Quiroga Palacios, na actualidade con 484 crianzas.

MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DOS CENTROS DE ENSINO.

- Instalación de bolardos para evitar que os coches suban a beirarrúa, na rúa dos Xasmíns, CEIP López Ferreiro
- Elevación dos pasos de peóns próximo ao CEIP López Ferreiro
- Instalación de sistemas disuasorios de control de velocidade, no CEIP López Ferreiro.
- Estudo para a restricción do tráfico nas vías de acceso ao centro ou vía de servizo en horario de entrada e de saída escolar, procurando alternativas para o fluxo do tráfico, no CEIP Apostolo Santiago, CEIP López Ferreiro e no CEIP Casas Novoa.

- Implantación de Colecamiños, no CEIP Apostolo Santiago e CEIP Lamas de Abade.
- Actuacións de calmado de tráfico nos arredores do CEIP do Raiña Fabiola.
- Habilitar zona de aparcamento na rúa Xoan Pablo II reservada para o horario de entrada e saída dos escolares do centro ou chegar un acordo, coa intermedación do goberno municipal, co Centro Comercial das Cancelas, para poder aparcar no aparcadoiro exterior dende ás 08.45, CEIP Monte dos Postes.
- Solicitude de presenza de Policía Local para dirixir o tráfico, na zona da rúa Fontiñas (CEIP Monte dos Postes), e na entrada do CEIP Casas Novoa e CEIP Arquitecto Casas Novoa.
- Colocación de bolardos na beirarrúa na entrada do centro educativo para evitar aparcar, CEIP das Fontiñas.
- Execución do Proxecto de Orzamentos Participativos, que ficou redactado e con dispoñibilidade orzamentaria no mandato anterior, de adecuación dos accesos ao CEIP de Lamas de Abade.
- Instalar un novo paso de peóns fronte a porta do centro de ensino e elevar os xa existentes, no CEIP Ramón Cabanillas.
- Habilitar aparcamentos na contorna do colexio, aproveitando terreos de propiedade municipal, tanto no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, como no CEIP de Lamas de Abade.